



Asunto: INFORME SOBRE A SENTENZA DO 14/04/2016 RECAÍDA NO XUÍZO ORDINARIO 411/2015 DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO CATRO DE PONTEVEDRA QUE DECLARA QUE A PORCIÓN DO MONTE "MONTECELO", NA QUE SE CONSTRUIU O EQUIPAMENTO SANITARIO, É PROPIEDAD DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE MOURENTE.

INFORME:

O procedemento de xuízo ordinario no que recaeu a sentenza número 58/16 do Xulgado de Primeira Instancia número 4 de Pontevedra que aquí se informa, iniciouse por demanda da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Mourente (CMVMC) contra a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS) e este Concello de Pontevedra en exercicio dunha acción declarativa de dominio relativa á porción do monte "Montecelo", da parroquia de Mourente e dunha superficie de 39.306 m², sobre a que se construíu a Residencia Sanitaria.

Explicando a postura das partes enfrontadas no proceso, dicir que a CMVMC de Mourente sostiña na súa demanda o seu criterio de que a parcela que reivindicaba era de aproveitamento común da súa veciñanza e non tería deixado de ser monte veciñal, de maneira que a ocupación pola TXSS sería ilexítima. Pola súa banda, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social considerábase propietaria dos terreos demaniais sobre os que se edificou o Hospital para o seu destino ao servizo público que, tras o proceso de transferencias efectuado, xestiona o Servizo Galego de Saúde, estando inscritos os terreos ao nome da TSXX no Rexistro da propiedade número 1 de Pontevedra como finca rexistral nº 18.481, ao Tomo 565, Libro 217 e folio 80. Pola súa banda, este Concello, que tamén foi demandado como Administración que puxo a parcela a disposición da daquela Instituto Nacional de Previsión -hoxe TXSS- defendeu a licitude da súa actividade dispositiva conforme á legalidade substantiva do momento e a satisfacción dos intereses sanitarios da poboación, sendo formalizada o 19/05/1971 a escritura pública de cesión gratuíta ou doazón a favor da Administración asistencial da Seguridade Social.

Pois ben, a sentenza que se informa de data 14/04/2016, parte da configuración dos montes veciñais en man común que se construíu sobre as notas de inalienabilidade, indivisibilidade e imprescritibilidade, para considerar probada a integración da parcela no monte veciñal en man común con acreditada posesión inmemorial por parte dos veciños de Mourente, sen que, pola contra, as partes demandadas achegasen título específico, concluínte e sobrado que xustificase a oposición á pretensión actora. A Xulgadora efectúa nos fundamentos xurídicos do seu pronunciamento profusa cita xurisprudencial dos nosos Tribunais sobre a configuración dos montes veciñais en man común, existindo actos indubitados de posesión pola veciñanza "a ciencia y paciencia del Ayuntamiento", como así declararon as testemuñas no xuízo, na proba instada pola CMVMC demandante. Para a sentenza en comentario, a falta de uso ou aproveitamento actual, total ou parcial, da parcela pola Comunidade de Montes pese ao longo espazo de tempo transcorrido, non sería obstáculo para que a mesma puidera ser considerada da súa pertenza, máxime ante a imprescritibilidade propia desa categoría de montes. Nese senso, entende consolidado que un monte é veciñal en man común con

independencia do seu aproveitamento, como prescribe o artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia, para o que acode á unha recoñecida sentenza da Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19/05/2009, no recurso de casación 1/2009 sobre as parcelas do monte "Madroa" no Municipio de Vigo, declaradas propiedade da Comunidade de Montes veciñais en Man Común da parroquia de Teis.

En conclusión, a sentenza estima o recurso da CMVMC de Mourente e declara que a porción do monte "Montecelo" da superficie de 39.306 m², ocupada polas instalacións do Hospital Montecelo na súa maior parte, é propiedade desa Comunidade de Montes Veciñais en Man Común por vila posuíndo como parte integrante e inseparable do monte veciñal "Montecelo"; igualmente, a sentenza declara "la nulidad radical, absoluta o de pleno derecho de la escritura pública de fecha 19/5/1971 de cesión gratuita o donación otorgada por el Ayuntamiento de Pontevedra a favor del Instituto Nacional de Previsión -hoy TXSS- en relación con la porción de Monte Vecinal "Montecelo", e condena á Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a este Concello a estar e pasar por tales declaracións, acordando dirixirse oficio ao Rexistro da Propiedade número 1 de Pontevedra a fin de cancelar a inscrición do terreo en litixio a nome da TXSS.

En definitiva, a sentenza ten un contido dispositivo semellante á ditada no Xuízo ordinario 1916/2010 do mesmo Xulgado de Primeira Instancia número 4 de Pontevedra, na que se declarou a propiedade da CMVMC de Salcedo do Monte Veciñal "Común de San Martín", coa nulidade das cesións que efectuara o Concello ao Estado-Ramo do Exército. Esta sentenza foi informada ante esa Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o 03/10/2011.

A sentenza da que agora réndese informe, impón as custas ás demandadas, resultando susceptible da interposición de recurso de apelación, cuxo prazo remata o vindeiro 19 de maio.

exp. Pese que o resultado da apelación dependerá en gran medida dos postulados que no recurso promova a defensa da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que en esencia debe ser a que cuestione a natureza e condición da parcela litixiosa, así como a transcendencia absoluta -segundo a sentenza- ou relativa -na nosa opinión- que deba concederse ás notas de inalienabilidade, indivisibilidade e imprescritibilidade, para o suposto de que se decida a formulación de recurso de apelación, parece procedente que se cinga á declaración de nulidade do acto municipal e da actividade encamiñada á cesión que, no seu momento, se efectuou para a conformación da actual dotación sanitaria de Montecelo, actos que defendemos como axustados á legalidade do momento para a construción dun equipamento demanial, o actual, destinado ao servizo público sanitario.

Pontevedra, 2 de maio de 2016.

O ASESOR XURÍDICO,

Asdo.: José Antonio García Mon.

XUNTA DE GOBERNO LOCAL.